

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DIA 19 DE XANEIRO DE 2024**

**PRESIDENTA:**

**Dona María Sandra Bastos Míguez**

**VOGAIS:**

**Dona María Nava Castro Domínguez**  
**Dona Marta Fernández-Tapias Núñez**  
**Don Rafael Domínguez Artime**  
**Don Jorge Cubela López**  
**Don José Carlos López Campos**  
**Dona María Pilar Ramallo Vázquez**  
**Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso**  
**Don Jesús Vázquez Almuiña**  
**Don Gregorio Luis Agís Gómez** en  
substitución de **Don Carlos López Font**  
**Don Gorka Gómez Díaz** en substitución de  
**Don Carlos Gómez Prado**  
**Dona Ana Laura Iglesias González**  
**Dona Digna Rosa Rivas Gómez**  
**Dona Nuria Rodríguez Rodríguez**  
**Don Javier Iglesias Mougán**  
**Dona María Manuela Rodríguez Pumar**  
**Dona María Ortega Iñarrea**

En Pontevedra, sendo as doce horas e quince minutos do día 19 de xaneiro de 2024, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Sandra Bastos Míguez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, adxunta xefatura do Servizo de Igualdade.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

**1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 22 DE DECEMBRO DE 2023 (Expediente 2023075712)**

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 22 de decembro de 2023.

**2. DAR CONTA DA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO PROXECTO HUB DIXITAL PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (Expediente 2023063998)**

Dende o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da ampliación do prazo de presentación de solicitudes das persoas participantes no proxecto



HUB DIXITAL para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra, cuxo contido literal é o seguinte:

**"DATOS DE INTERESE:**

*1º.- Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno do 27 de outubro de 2023, adoptouse o acordo nº 5.33095 relativo á "Aprobación das bases reguladoras para a selección das persoas participantes nas actividades formativas do proxecto "Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra (Expte. 2023063998)".*

*As bases foron publicadas no BOPPO nº 236 do pasado luns 11 de decembro de 2023.*

*Na base cuarta establécese que o prazo de presentación de solicitudes é dende o 19 de decembro de 2023 ao 31 de xaneiro de 2024.*

*2º.- De xeito paralelo estase a tramitar o expediente nº 2023047633 para a contratación do servizo de deseño e impartición da formación e capacitación en competencias dixitais para as persoas destinatarias da formación dos concellos de Cuntis, Moraña, A Illa de Arousa, Forcarei e As Neves, atopándose neste intre en trámite de requirimento de documentación para a adxudicación do contrato.*

*Entre as funcións da empresa que resulte adxudicataria do Lote 1 está a de difundir esta convocatoria mediante anuncios en medios de comunicación, cuñas de radio, cartelería, etc. co fin de garantir a máxima participación en cada un dos 5 concellos participantes.*

*3º. Dados os prazos previstos para adxudicación do contrato mencionado propúxose a ampliación do prazo de presentación do solicitudes ata o vindeiro 15 de febreiro de 2024, o que, previa fiscalización por Intervención foi aprobado na Xunta de Goberno do pasado día 12 de xaneiro acordo nº 11.33353.*

*4º Coa modificación introducida deuse cumprimento ao recollido no artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común, sen que a ampliación do prazo de presentación de solicitudes altere a contía consignada para o proxecto nin a aplicación orzamentaria onde imputar o gasto. Asemade quedan invariables as bases relativas a os posibles beneficiarios e o procedemento para súa a participación".*

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

**3. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DE FINANCIAMENTO E PRESTACIÓN DAS AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA NOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (Expediente 2023072102)**

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria de financiamento e prestación das Axudas Básicas de Emerxencia nos servizos



sociais comunitarios da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2024, cuxo contido literal é o seguinte:

**"DATOS DE INTERESE:**

- *Bases reguladoras aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión do 12 de xaneiro de 2024*
- *Previsión de publicación no BOPPO de 22 de xaneiro de 2024.*
- *As bases reguladoras teñen por obxecto aprobar a convocatoria de*
- *subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes, destinadas a prestar apoio económico para atender as necesidades urxentes das persoas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.*
- *Serán destinatarios destas subvencións os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, que xestionarán as citadas axudas a través dos seus servizos sociais comunitarios.*
- *Pódense beneficiar das axudas básicas de emerxencia as persoas empadroadas e con residencia efectiva en calquera dos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios do seu concello e que carezan de ingresos suficientes para lles facer fronte aos gastos para os que se solicita a axuda.*
- *A asignación das contías máximas establecidas para cada concello defínense en función da súa poboación, índice de dependencia global, taxa de desemprego e renda dispoñible bruta.*
- *Serán obxecto de subvención os seguintes conceptos:*
  - *Alimentación*
  - *Uso da vivenda*
  - *Pagamento de subministros básicos*
  - *Pagamento de produtos e servizos de hixiene e limpeza*
  - *Pagamento de produtos farmacéuticos*
  - *Adquisición de electrodomésticos básicos*
  - *Pagamento de desprazamentos*
  - *Pagamento da reparación e mantemento de vehículos*
  - *Pagamento de lentes, lentes de contacto e audiófonos*
  - *Pagamento de gastos derivados de tratamentos de odontoloxía*
  - *Pagamento de produtos de apoio*
  - *Atencións de carácter complementario*
  - *Axudas para adquisición de roupa e calzado*
  - *Axudas de estudo*



○ *Axudas de apoio á infancia*

- *O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).*
- *A contía consignada para esta convocatoria ascende a seiscientos mil oitocentos euros (600.800,00 €), dos que trescentos noventa e tres mil cen euros (393.100,00 €) son para gasto corrente, con cargo á aplicación 24/231.2313.462.00, e douscentos sete mil setecentos euros (207.700,00 €) para investimento, con cargo á aplicación 24/231.2311.762.00 do Orzamento Provincial”.*

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

**4. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O EXERCICIO 2024 (Expediente 2023072113 )**

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2024, cuxo contido literal é o seguinte:

**"🚩 DATOS DE INTERESE:**

- *Bases reguladoras aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión do 12 de xaneiro de 2024*
- *Previsión de publicación no BOPPO de 22 de xaneiro de 2024.*
- *As bases reguladoras teñen por obxecto aprobar o Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024, a través do cal se subvencionarán o servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos de menos de 20.000 habitantes e a contratación de persoal que teña a condición de empregado público e desenvolva o seu labor dentro dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do persoal profesional de referencia, que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012.*
- *Serán destinatarios deste plan os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio de 2022.*  
*Non poderán obter a condición de beneficiarios aqueles concellos nos que concorra algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.*
- *A través da adhesión ao Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra, os concellos destinatarios poderán financiar o SAF básico e a contratación*



de persoal que teña a condición de empregado público e desenvolva o seu labor nos equipos municipais de servizos sociais comunitarios, con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do persoal profesional de referencia, establecido no artigo 37 do Decreto 99/2012.

Os módulos obxecto de financiamento serán os seguintes:

- Módulo de SAF básico
- Módulo de persoal

A Deputación de Pontevedra, a través desta convocatoria, reforza o financiamento do módulo de persoal e amplía as contías máximas das categorías profesionais establecidas no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, no que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, e garante, ademais, a continuidade e estabilidade na prestación destes servizos por parte das corporacións locais, de acordo co artigo 47 do antedito decreto.

- A contía máxima dispoñible para levar a cabo o Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais para o ano 2024 é de 3.068.638,26 euros.

- Os concellos poderán solicitar ata as contías máximas dos módulos, respectando o número de profesionais, a xornada, a temporalidade e a categoría profesional, entre outras cuestións. No caso de redución da xornada ou da temporalidade con respecto ao estipulado, diminuírase a contía correspondente de xeito proporcional.

En relación co módulo de persoal, aplicaranse as seguintes modalidades económicas:

<b>Categoría profesional</b>	<b>Xornada completa para 12 meses</b>	<b>Media xornada para 12 meses</b>
<i>Persoal con titulación superior (licenciatura universitaria, grao ou equivalente)</i>	24.655,90 €	12.327,95 €
<i>Persoal con titulación media (diplomatura universitaria ou equivalente)</i>	22.251,04 €	11.125,52 €
<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €	9.753,05 €

- O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS”).

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.



## 5. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA PROVINCIA ACTIVA 2024 (Expediente 2023045215)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico convocatoria do Programa Provincia Activa 2024, cuxo contido literal é o seguinte:

### **🚩 DATOS DE INTERESE:**

- *Bases reguladoras aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión do 17 de novembro de 2023*
- *Previsión de publicación no BOPPO de 19 de xaneiro de 2024.*
- *Ofértanse 130 obradoiros dirixidos ás entidades sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra que reúnan os requisitos previstos na convocatoria.*
- *Poderán beneficiarse do programa as entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra dalgunha das seguintes tipoloxías:*
  - *Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra.*
  - *Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións, rexistradas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas nas seguintes categorías tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados.*
  - *Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non recollidas nas anteriores.*
  - *Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social dirixidas a persoas maiores de 50 anos.*
- *Este programa está dirixido principalmente a persoas maiores de 50 anos de idade, polo que para levalo a cabo a entidade solicitante deberá acreditar antes do inicio de cada obradoiro que o 70 % do alumnado ten 50 anos ou máis no momento da inscrición, e que hai un número mínimo de 15 persoas inscritas.*
- *Só se poderá conceder un obradoiro por entidade. As temáticas, os obradoiros e o número de prazas ofertadas recóllense no anexo I, Catálogo de obradoiros.*
- *Os obradoiros terán unha duración de trinta (30) horas e impartiranse en xornadas de entre unha e tres horas á semana. A entidade solicitante poderá escoller que o obradoiro se imparta durante un ou varios días á semana ata completar o número de horas; a data límite para a súa realización será o 31 de decembro de 2024. Cada obradoiro terá un custo de sete (7) euros por participante.*
- *En caso de que as persoas socias non cubran todas as prazas ofertadas, a entidade solicitante deberá aceptar as persoas non socias que previamente solicitasen participar no obradoiro correspondente. Para estes efectos, as persoas non socias deberán contactar directamente coas entidades para poder anotarse ao obradoiro que lles interese.*



- *O orzamento consignado no Servizo de Benestar Social para o programa "PROVINCIA ACTIVA" 2024 ascende a cento corenta e cinco mil novecentos dezaseis euros con vinte céntimos (145.916,20 €), con cargo á aplicación 24/231.2311.227.07 do Orzamento provincial, para traballos realizados por outras empresas e prorrogase o contrato á empresa adxudicataria XESTION CULTURAL AUREA.*
- *O prazo de presentación de solicitudes é de 1 mes , contado a partir do día seguinte ao quinto día hábil da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).*

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

## **6. ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e vinte minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

*Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.*

